



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>

galicia

RESOLUCIÓN DO 23 DE DECEMBRO DE 2015 DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE POLA QUE SE RESOLVE O I CONCURSO COMUNICAR EN IGUALDADE

O día 31 de xullo de 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 144 a Resolución do 27 de xullo de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras do *I Concurso Comunicar en Igualdade* e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

Segundo o establecido no punto 1.2 das bases da dita Resolución, os premios do *I Concurso Comunicar en Igualdade* teñen como finalidade recoñecer e recompensar os traballos xornalísticos que contribuísen á defensa e difusión dos valores da igualdade entre mulleres e homes, así como á loita contra a violencia de xénero.

Trátase de premiar as boas prácticas xornalísticas respecto dun tratamento axeitado de asuntos de cobertura informativa diaria como poden ser o sexismo na publicidade, outros modelos de masculinidade, a violencia machista, a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, a violencia de xénero en colectivos especialmente vulnerables, a situación da muller nos diferentes ámbitos, así como os temas relacionados en xeral coa perspectiva de xénero e coa desigualdade por razón de xénero.

A convocatoria do dito premio establece dúas modalidades: unha para profesionais do xornalismo, dotada con 2.000 euros e outra para o alumnado universitario, dotada con 1.000 euros. A concesión dos premios previstos nesta convocatoria realizarase con cargo aos recursos económicos asignados á Secretaría Xeral da Igualdade, nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega, na aplicación orzamentaria 05.11.313B.480.1 (proxecto 2015 00144).

O día 23 de novembro de 2015 tivo lugar a reunión do xurado para a concesión do dito premio na que se analizou a documentación achegada polo órgano instrutor.

Os traballos presentados para a modalidade de profesionais do xornalismo foron puntuados polo xurado de acordo co disposto na resolución que regula as bases reguladoras e, en particular, de acordo cos criterios de valoración das candidaturas establecidos no artigo 9 da convocatoria. Consta no expediente a acta do xurado onde se expón o procedemento desenvolvido ao respecto e a documentación acreditativa.

As puntuacións de cada unha das persoas participantes figuran no anexo desta resolución. O traballo que obtivo a puntuación máis alta foi o titulado "Working girls", de Iolanda Fernández casal, con 23,14 puntos.

Na modalidade do premio para o alumnado universitario non houbo traballos presentados.

O 3 de decembro de 2015 fíxose pública na páxina web da Secretaría Xeral da igualdade a proposta provisional dos premios de acordo co artigo 10.3 da resolución que establece as bases reguladoras e a convocatoria.

DE ASÍS A COMPOSTELA
200
12.12.2014



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>

galicia

De conformidade co establecido no artigo 10.4 das bases da convocatoria, contra a proposta de resolución provisional as persoas interesadas dispuxeron dun prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa publicación para presentar reclamación mediante instancia dirixida á presidencia do xurado.

Transcorridos dez días hábiles dende o seguinte a publicación da proposta non se recibiu ningunha reclamación.

O artigo 10.5 da resolución de convocatoria dispón que unha vez resoltas as reclamacións, o xurado elaborará a acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios. Esta proposta foi emitida con data do 17 de decembro de 2015.

Tanto na proposta de resolución provisional como na definitiva o xurado propuxo conceder o premio do I Concurso Comunicar en Igualdade na modalidade de profesionais do xornalismo á participante coa puntuación máis alta: Iolanda Fernández Casal, polo seu traballo "Working girls".

De acordo co exposto anteriormente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Conceder o premio do *I Concurso Comunicar en Igualdade* na modalidade de profesionais do xornalismo a Iolanda Fernández Casal, polo seu traballo "Working girls".

O premio ten unha dotación económica de dous mil euros (2.000 €), con cargo aos recursos económicos asignados á Secretaría Xeral da Igualdade, nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega, na aplicación orzamentaria 05.11.313B.480.1 (proxecto 2015 00144). Nesta cantidade efectuaranse as retencións que, de ser o caso, correspondan de acordo coa normativa tributaria aplicable.

SEGUNDO.- De acordo co establecido na *Resolución do 10 de novembro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución do 27 de xullo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do I Concurso Comunicar en Igualdade e se procede á súa convocatoria para o ano 2015* (DOG núm. 217 do 13 de novembro de 2015) a persoa proposta como premiada disporá dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase logo da entrega de declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, e de non estar incursos nas circunstancias recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como declaración responsable acreditativa acerca da veracidade dos datos da conta bancaria.

DE ASIS A COMPOSTELA
12.14.2014



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>

A devandita documentación deberá remitirse no prazo de cinco días hábiles, contados desde o día seguinte ao da aceptación expresa ou presunta do premio polas persoas interesadas, á Secretaría Xeral da Igualdade (Edificio Administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela) mediante calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracíons públicas e do procedemento administrativo común.

TERCEIRO.-Declarar deserta a modalidade do premio para o alumnado universitario.

CUARTO.-Ordear a publicación desta resolución e do seu anexo na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade www.igualdade.xunta.es, de conformidade co establecido no artigo 10 da resolución que establece as bases reguladoras e convoca este premio e no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, ou poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracíons públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira.-Esta resolución producirá efectos dende o mesmo día da súa publicación na páxina web www.igualdade.xunta.es

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2015

A secretaría xeral da Igualdade

Susana López Abella

